



Resolución do 29 de novembro de 2018, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproba a relación definitiva de persoas seleccionadas e non seleccionadas, a relación de persoas excluídas definitiva e o baremo definitivo no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia no corpo de profesores de música e artes escénicas, especialidades de caracterización e indumentaria (594442), espazo escénico (594448), iluminación (594450) e técnicas escénicas (594456).

Por unha Resolución do 26 de outubro de 2018 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, publicada no portal de Internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional www.edu.xunta.es o 26 de outubro de 2018, convocouse un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de música e artes escénicas, especialidades de caracterización e indumentaria (594442), espazo escénico (594448), iluminación (594450) e técnicas escénicas (594456)

Por unha resolución do 21 de novembro de 2018, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, aprobouse a relación provisional de persoas seleccionadas e non seleccionadas, a relación de persoas excluídas provisionais e o baremo provisional no procedemento para a elaboración das citadas listas de interinidades e substitucións e publicouse no portal de Internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. Logo de rematado o prazo para formular reclamacións contra as citadas relacións provisionais e revisadas as reclamacións que formularon as persoas interesadas, procede aprobar a relación definitiva de persoas seleccionadas e non seleccionadas e o baremo definitivo no citado procedemento, e facelas públicas no portal da Internet desta consellería, de acordo co disposto na base sétima da convocatoria.

En consecuencia, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar a relación definitiva de persoas seleccionadas e non seleccionadas, a relación de persoas excluídas definitiva e o baremo definitivo das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de música e artes escénicas, especialidades de caracterización e indumentaria (594442), espazo escénico (594448), iluminación (594450) e técnicas escénicas (594456).

Segundo.- Ordenar a publicación no portal da Internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional www.edu.xunta.es da relación definitiva de persoas seleccionadas e non



seleccionadas, a relación de persoas excluídas definitiva e o baremo definitivo indicado no apartado anterior.

Terceiro.- De acordo co disposto no parágrafo segundo da base sétima da convocatoria acordada pola Resolución do 26 de outubro de 2018, contra esta resolución, que lle pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no citado portal, ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, ante o xulgado do contencioso-administrativo que sexa competente de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez

